

## **POSICIÓN DA CIG ANTE A GRAVE SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL POLA CARESTÍA DA VIDA E AS CONSECUENCIAS DA GUERRA DE UCRAÍNA**

Cando parecía que as múltiples consecuencias da pandemia, que se viñeron sumar á grave situación de emerxencia nacional e social que tiñamos en Galiza, serían os únicos que marcarían os próximos tempos, estamos a ver feitos de gran transcendencia, de grande impacto como son os acontecementos que se están a desenvolver en Ucraína.

Denunciamos que se estea aproveitando esta guerra para xustificar ir a máis nas políticas económicas que se veñen aplicando, que levamos meses sufrindo, e que non dan solución aos altos prezos da electricidade, dos combustíbeis, dos alimentos e de moitos bens de consumo básicos.

Resulta indecente que neste contexto o Goberno acorde, de forma antidemocrática e sen aprobación parlamentaria, destinar máis cartos públicos para armamento, aumentando até un 2% do PIB, sen dar solución ás graves carencias e necesidades sociais, servizos públicos e defensa do emprego digno.

É imperdoábel que un Goberno denominado de esquerda siga sen tomar medidas de intervención pública na economía, siga sen levar adiante cambios profundos nas políticas económicas e fiscais que acaben cos efectos devastadores que a carestía da vida está a causar nas maiorías sociais para poder ter unha vida digna.

A solución non pode ser máis neoliberalismo, como o que contén o chamado Plan de Resposta Económica á Guerra anunciado polo Goberno español, e que busca, entre outros obxectivos, a contención salarial, impedindo a recuperación do poder adquisitivo dos salarios, consolidando os baixos salarios e a pobreza laboral mentres a patronal vai á segunda volta das negociacións da reforma laboral para gañar máis dereitos e para garantir o aumento dos seus beneficios á nosa custa.

As negociacións do chamado Pacto de Rendas e do acordo estatal de negociación colectiva completan esta nova ofensiva onde, de novo, o diálogo social, UGT e CCOO volven estar ao servizo do capital. Está en xogo o dereito a negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, o noso poder de negociar e decidir nós de forma directa e democrática as nosas condicións de traballo, os nosos salarios. Na realidade, estamos ante unha serie e grave ameaza de retroceso para os salarios, dereitos e condicións laborais, que se suma ás anteriores, e que busca reeditar uns novos Pactos da Moncloa de 1977.

Todo o pobo galego, especialmente as clases traballadoras, estamos nunha situación económica e social extrema, que está a ter un impacto brutal sobre as clases populares. Neste contexto, o Goberno galego está máis preocupado do congreso do PP no Estado español e a sucesión de Feixó que a gravísima situación que estamos a sufrir, facendo apoloxía da guerra, practicando unha absoluta inacción e ausencia de medidas para dar resposta á agonía de moitos sectores, actividades económicas e produtivas básicas do noso país.

Desde a CIG defendemos a necesidade da aprobación dun paquete de Medidas Urxentes ante a carestía da vida e as consecuencias da guerra, que reafirman as Propostas para UNHA SAÍDA GALEGA XUSTA DA CRISE, pero que esixen a urxencia de que os Gobernos aproben, como mínimo, as seguintes:

### ***I.- Propostas urxentes para reducir a factura de electricidade e aprobar a intervención pública no sector eléctrico***

A guerra en Ucraína, entre outras consecuencias, está causando un aumento maior do que estabamos sufrindo nos altos prezos da enerxía pola influencia do custo do gas natural, no que a falla de decisións dos gobernos e a multiplicación de beneficios das empresas eléctricas están causando unha importante deterioración no conxunto da sociedade, nomeadamente nas clases populares.

Estes altos prezos teñen lugar cando xa estabamos metidos de cheo dentro dunha “tormenta perfecta” da carestía da vida, en especial, pero non só, polos imparábeis medres do custo da electricidade. Non xorde de forma espontánea, ten causas e responsábeis. A falla de actuación durante este tempo para poñer punto e final ao réxime de oligopolio das empresas eléctricas que, por decisións de todos os gobernos españois, pasados e presente, gozan dun marco regulatorio e tarifario acorde aos seus exclusivos intereses, a intensificación do proceso da descabornización da economía (por unha total electrificación), sen unha planificación pública. As grandes corporacións empresariais son as que planifican e deciden, valéndose de inxentes recursos públicos, limitándose os gobernos a executaren unha transición enerxética, cada vez máis inxusta social e territorialmente.

O mercado eléctrico, tamén, por decisión política, é marxinalista: o prezo de cada hora vén marcado pola última tecnoloxía necesaria para xerar a enerxía coa que atender o consumo previsto. O Estado español é o único que, no mercado regulado, traslada directamente os 24 prezos do mercado maiorista ás persoas consumidoras, provocando uns cambios de prezos que non se xustifican.

O prezo regulado da electricidade PVPC (Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor), ao que teñen dereito as persoas consumidoras (domésticos e profesionais) con potencia contratada inferior a 10 kW (**sobre 9,5 millóns de fogares**) ao que está ligado obrigatoriamente o colectivo de vulnerábeis acollidos aos descontos do bono social (**1,2 millóns de usuarios**), non pode ter como referencia directa a cotización diaria do *pool*.

Nesta análise e propostas que facemos é obrigado reivindicar **a tarifa eléctrica galega**, ante a indiscutíbel condición de produtora de enerxía eléctrica que ten Galiza. Ás

porcentaxes de exportación de electricidade que os organismos oficiais acreditan, cómpre sumar o agresivo e duro impacto que se leva soportando dende hai décadas pola implantación de instalacións de xeración de electricidade, xunto cos masivos proxectos que están en actual tramitación, sen que teña reflexo nun abaratamento do prezo da electricidade.

É necesario superar o denominado prezo único para todo o territorio do Estado español, a chamada tarifa única, xa que ademais de ser cada vez menos certo, visto o que sucede actualmente nalgúns territorios, é inxusto para aqueles territorios exportadores de electricidade, como no caso de Galiza.

Ademais, estamos ante o paradoxo de ter que soportar en calquera momento, como xa ten sucedido, non redución do recibo eléctrico, senón recargas polos denominados suplementos territoriais, mentres os lugares de destino desa enerxía están a salvo das devanditas recargas, ou mesmo, a través doutros mecanismos, beneficiados por bonificacións e mecanismos de redución da factura. Neste sentido, na actualidade, con ocasión do debate sobre a Lei de Residuos (para cambiar á súa vez a Lei de Augas) que se está a dar no Senado, existen emendas do PSOE na dirección de recuperar o canon hidráulico, anulado polo Tribunal Supremo.

Polo tanto, nesta realidade regulatoria do mercado eléctrico, da actual situación de altos prezos, non se pode seguir retrasando a toma de verdadeiras medidas para abaratar o prezo da electricidade, combinando as de efectos inmediatos con aquelas de resultados a medio e longo prazo.

Son urxentes actuacións profundas, amplas e integrais no sector eléctrico na dirección dunha intervención dos poderes públicos para a fixación dunha tarifa eléctrica que garanta unha vida digna e un desenvolvemento económico, social e industrial que cree postos de traballo.

Cómpre lembrar que a CIG fomos a primeira organización que presentou unha proposta con seis medidas para **a creación dunha tarifa eléctrica para a industria electrointensiva**, defendendo unha regulación máis xusta, estábel e con variacións predicíbeis, que recoñeza o estatuto específico deste sector. Moitas destas propostas están plenamente vixentes, polo que seguimos reivindicando a urxencia na aprobación de todas estas medidas, xa que cada día que pasa camiñamos a unha situación de maior crise.

Polo tanto, hai solucións e alternativas a esta situación para todo tipo de consumidores (industriais, profesionais e particulares) se hai vontade e decisión política, porque existen mecanismos legais que os gobernos galego e español non están a tomar para **garantir prezos xustos da electricidade**, e que para nós pasan pola aprobación das seguintes **12 medidas**:

1.- O recoñecemento da enerxía como **un dereito universal fundamental para ter unha vida digna**, porque é un ben de primeira necesidade que obriga as Administracións Públicas a desenvolveren políticas públicas de intervención no sector eléctrico coas que garantir o acceso de todas as persoas a esta.

2.- **Tarifa especial.** O goberno adoptará as medidas lexislativas necesarias para fixar un prezo de referencia, a fin de que a repercusión do prezo final para o **consumidor con potencia contratada igual ou inferior a 15 kW** oscile entre os 10 €/MWh e os 60 €/MWh (nunca acadado este último desde 2012), prezos coa marxe dabondo tendo en conta a evolución dos prezos da poxa dos últimos anos. **Esta medida terá a duración de 24 meses, revisábel trimestralmente, até a estabilización dos prezos dos últimos anos.**

3.- Implantación da **Tarifa Eléctrica Galega** a través de dous mecanismos:

- **Eliminación do pagamento da chamada peaxe de transporte presente na factura eléctrica**, pola proximidade dos centros de xeración, pola eficiencia enerxética, ao non producirse perdas de tensión, e polo forte impacto no territorio da rede e infraestrutura de evacuación e subministro aos centros de consumo.

- Aprobación dunha **bonificación polo impulso das enerxías renovábeis**, consistente na **redución do 10% da tarifa eléctrica mensual** a todo consumidor que teña o seu domicilio en Galiza, onde no ano natural anterior se dean ao mesmo tempo a concorrencia das seguintes circunstancias: unha produción de enerxía eléctrica por fontes renovábeis igual ou superior ao 70% da produción total e se exporte unha porcentaxe igual ou superior ao 30%.

4.- **Modificar o sistema tarifario, limpando a factura de todos os cargos** que non teñen relación directa co funcionamento do sistema eléctrico, coa produción de electricidade: fomento das **enerxías renovábeis, custos extrapeninsulares** e as **anualidades para pagar o déficit de tarifa, etc.** Estes custos serán asumidos polo Orzamentos Xerais do Estado.

5.- **Rebaixa xeral no prezo da electricidade, retirando do pool**, do mercado maiorista para fixar prezo da electricidade, as centrais hidráulicas, as nucleares, ciclos combinados (a gas), que pasarán a cobrar por custos recoñecidos aprobados a proposta da CNMC.

6.- **Control e límite do beneficio obtido polas eléctricas.** As empresas xeradoras de electricidade, de acordo aos custos recoñecidos aprobados a proposta da CNMC, terán un tope máximo de beneficio-minoración do exceso de retribución como mínimo do 15% do custo de xeración. O que supere esta porcentaxe xera a obriga do pagamento a través dunha taxa pública para financiar este abaratamento do prezo da electricidade.

7.- Creación dunha **Empresa Pública Galega de Electricidade** que xestione as centrais hidroeléctricas cuxa concesión vaia vencendo e, así mesmo, controle as participacións accionariais que ten a Xunta noutras empresas enerxéticas.

8.- **Reversión das instalacións hidroeléctricas** que teñan rematado e rematen a concesión, destinado os beneficios da produción hidroeléctrica a abaratar o custo da electricidade.

9.- **Fiscalización das concesións hidroeléctricas** en vigor de acordo á lexislación de augas vixente en Galiza e no Estado español a fin de garantir que a enerxía reservada en favor das Administracións Públicas se destine a baixar o prezo da electricidade.

10.- **Modificar transitoriamente os impostos** que actualmente están presentes na tarifa eléctrica, e que pagan inxustamente as persoas consumidoras, mentres non entren en vigor as medidas anteriores, de tal xeito que se aplique o tipo mínimo do IVE (4%), que se aplica aos produtos básicos (auga, pan, etc.). Eliminación do imposto á xeración (7%) que as empresas produtoras repercuten nos recibos.

11.- **Para concesión de instalacións de produción de enerxía renovábeis** que se implanten, estas deberán cumprir as condicións ambientais e terán que ter vinculados e asociados proxectos de desenvolvemento económico ou plans industriais asociados propostos para a súa implantación nos territorios afectados. Así mesmo, terán compromisos adicionais de participación pública no capital social do proxecto, segundo as fórmulas establecidas na disposición proposta de referencia.

12.- **Creación e posta en funcionamento inmediata en Galiza (As Pontes) do Centro para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía**, que sería unha fundación do sector público estatal, adscrita ao Instituto de Transición Xusta, coa participación e achega económica do Goberno galego e español.

## **II.- Propostas para garantir o poder adquisitivo dos salarios e uns salarios dignos**

1.- Os incrementos salariais deberán situarse nos 1.226 euros/ano lineais (87 euros/mes 14 pagas) e incremento salarial do 4,50%.

2.- É necesario que todos os convenios teñan garantida a cláusula de revisión salarial con carácter retroactivo ao 31 de decembro de cada ano conforme ao IPC interanual acumulado, non ao IPC medio.

3.- Aprobar as medidas necesarias para que na negociación colectiva sexan unha realidade de obrigado cumprimento as auditorías retributivas e os plans de igualdade, rematando dunha vez coa fenda salarial e as desigualdades de xénero.

4.- Fixar o salario mínimo interprofesional en 1.167 euros ao mes, que corresponde ao 60% do salario medio do Estado español, tal como recomenda a Carta Social Europea. Eliminar o IPREM, pasando a ser o salario mínimo interprofesional a única referencia como indicador público para efectos de fixar a contía de calquera tipo de prestación social.

## **III.- Propostas ante a aplicación dos novos ERTE, mecanismo REDE de Flexibilidade e Estabilidade do emprego**

1.- **Prohibición de simultanear a aplicación dun ERTE con outra medida** consistente nun descolgue salarial, inaplicación de convenio colectivo, modificación substancial das condicións de traballo ou mobilidade xeográfica e/ou funcional, desregulación da xornada de traballo.

**2.- As empresas para poderense acoller ao ERTE** deberán cumprir as seguintes condicións e garantías: estar ao día na actualización das revisións salariais, completar até o 100% os salarios; manter a todo o persoal temporal da empresa principal ou externas (ETT, empresas multiservizos, etc.).

#### **IV.- Propostas para garantir o acceso aos combustíbeis**

O Goberno español **fixará un prezo máximo de gasolina e diésel** para mitigar os altos prezos dos combustíbeis de duración de 6 meses mentres non se estabilicen os prezos e non se avance nunha solución fiscal xusta.

Para fixar estes prezos máximos, o Goberno tomará como base o prezo medio que existía nas gasolinerías o 24 de febreiro de 2022.

#### **V.- Propostas para a promoción da mobilidade das persoas**

O Goberno e os concellos galegos, con concesións de transporte viarios, así como o Goberno español, aprobarán as medidas necesarias para o reforzo dos servizos de mobilidade aumentando frecuencias e ampliando horarios para facilitar os desprazamentos, así como reducir as esixencias para o acceso a maiores descontos.

#### **VI.- Proposta de conxelación dos alugueiros**

O Goberno galego e español tomarán as medidas oportunas para a inmediata conxelación das cláusulas de actualización das rendas de alugueiro en todos os conceptos. Esta medida estará en vigor durante todo o ano 2022.

Galiza, marzo de 2022